

**¡Ai, da que leva na frente unha estrela!
A persecución de Rosalía no seu tempo**

María Xosé Queizán

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

QUEIZÁN, MARÍA XOSÉ (2011 [1994]). “¡Ai, da que leva na frente unha estrela! A persecución de Rosalía no seu tempo”. *Boletín Galego de Literatura*: 12, 101-110. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1285>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

QUEIZÁN, MARÍA XOSÉ (1994). “¡Ai, da que leva na frente unha estrela! A persecución de Rosalía no seu tempo”. *Boletín Galego de Literatura*: 12, 101-110.

* Edición dispoñíbel desde o 20 de outubro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

«¡Ai, da que leva na frente unha estrela!»
A persecución de Rosalía no seu tempo

María Xosé Queizán

Considero que é de xustiza que as mulleres actuais –que xa podemos dicir o que sentimos e o que pensamos– consideremos a situación social de Rosalía de Castro na súa época, os prexuízos aos que se tivo que enfrontar e as críticas que tivo que soportar por ser muller e escritora. Ela, como tódolos que se adiantan ao seu tempo, os que teñen a coraxe de dicir a verdade, as que desafían o *statu quo*, foi unha estranxeira na súa terra. Creo que lle debo, que lle debemos, uns comentarios de desagravio.

Desde o meu íntimo sentir, paréceme como se os ósos de Rosalía se indignaran ante a inxustiza, ao verse hoxe convertida «na gran representante do lirismo galego», «intérprete do sentir nacional e colectivo», «orgullo patrio», aclamada como a máis alta realización artística e «a figura indiscutible da literatura galega en comunión coas xentes do país», etc. Iso e moito máis, encontramos escrito agora, cando tanta dor lle debeu de causar en vida a maledicencia e a incompreensión da sociedade do seu tempo, incluídos moitos chamados intelectuais e mesmo galeguistas. A través dos libros de texto, dos comentarios, da «significación de Rosalía», aparecen unha morea de panexíricos, pero non se di que Rosalía fixo unha literatura de transgresión e tivo que enfrontarse á sociedade do seu tempo, como tería que facelo agora, para escribirla e sufrir a soidade e a persecución pola ousadía de facelo, sendo muller e galega.

Pola contra, da maioría das lecturas que se fixeron de Rosalía podería deducirse a aceptación da súa obra e a adhesión incondicional dos seus contemporáneos e os que seguiron. A través desas lecturas resulta tan idílica a identificación de Rosalía co pobo galego que mesmo parece que foi gracias ao apoio e aos parabéns que recibía como chegou a facer a súa obra.

Sospeito a súa indignación e fágome eco dela, como de tantas e tantos a quen deostaron en vida e gabaron cando mortas. E non son a única, como intentarei expor ao longo destas liñas.

Creo que as escritoras actuais (máis, por suposto, aquelas que rompen co establecido e se negan a recoller as migallas literarias que deixan os –ata agora– amos da palabra) comprenden, a vulgar polos propios atrancos, polos ciumes e silencios que rodean á súa obra, como puido ser a soidade de Rosalía, nunha época bastante máis

difícil para a ousadía de escribir unha muller. Non cabe dúbida de que o escándalo que debeu de provocar a escritora hai máis dun século é moi superior ao que provocaría na actualidade, máis aínda cando a poeta se negaba a «cantar as pombas e as frores» para ter alma de muller, como expresa claramente nun poema.

Rosalía sabía que as mulleres do seu tempo «non poden dicir o que saben e o que pensan». Cuestiona claramente as dificultades do oficio de escritora, das literatas, no seu ensaio en castelán «Carta a Eduarda», estudiado por Carmen Blanco¹ que sinala algúns dos temas claves do mesmo como: O rechazo á dimensión pública da escritora, a condición social da escritora e o padecemento que supón selo, («tu no sabes lo que es ser escritora. Serlo como Jorge Sand vale algo, pero de otro modo, ¡que continuo tormento!») e máis aínda nun contexto como o galego. Fala sen ambages do rexeitamento social («por la calle te señalan constantemente y no para bien») e as críticas da ideoloxía machista a unha muller que abandona o papel tradicional («Los hombres no dejan de decirte siempre que pueden que una mujer de talento es una verdadera calamidad...» «sobre todo los que escriben..., no dejan pasar nunca la ocasión de decirte que las mujeres deben dejar la pluma y repasar los calcetines de sus maridos, si los tienen, y si no, aunque sea los del criado.» ou «Los hombres miran a las literatas peor que mirarían al diablo».)

Aínda hoxe coinciden os comentaristas en subliñar a influencia do seu home, Murguía, verdadeiro líder do Rexurdimento literario, sobre a obra rosaliana. ¡Que non sería no seu tempo! Como sucede en tantos casos, Rosalía debe soportar a tendencia de atribuírle os escritos ao marido da escritora, na medida en que estes son valorados. («Por lo que a mi respecta, se dice muy corrientemente que mi marido trabaja sin cesar para hacerme inmortal...sin duda con el objeto de que digan que tiene una esposa poetisa (esta palabra ya llegó a hacerme daño) o novelista, es decir, lo peor que puede ser hoy una mujer»).

En relación coa influencia de Murguía, parece que foi importante á hora de animala a dar a luz os textos e facilitar a publicación, que xa é moito. (Outras tiveron que agachar os seus escritos e mesmo padeceron a violencia física e o intento de asasinato por pretender a publicación de versos, como foi o caso de Jana Teresa Juega).

Agora ben, aínda que isto se sae do tema deste artigo, non deixa de chamarme a atención a ausencia na poesía de Rosalía de certos temas que obsesionaban a Murguía, como o celtismo, recollidos polos amigos, sobre todo por Pondal. Nada disto encontramos na obra rosaliana que parece circular por vías ben distantes das tertulias da Cova Céltica. Non coñezo ningún traballo sobre este aspecto pero creo que sería ben interesante comparar a obra de ambos cónxuxes para despois poder confirmar a extensión e importancia da influencia, así como a independencia ideolóxica de Rosalía en certos aspectos.

Os comentarios rosalianos sobre o difícil papel da muller escritora non se limitan a «carta a Eduarda» senón que aparecen noutros textos e novelas cando fai dicir a personaxes: «No la pluma en tus manos, mujer nacida para educar a mis hijos: la aguja y la rueca son tus armas»².

1. Carmen Blanco, «Las Literatas», *Festa da Palabra Silenciada*, nº 2, marzo 1985, p. 13.

102 2. Rosalía de Castro, *El Caballero de las Botas Azules (Cuento extraño)*, Lugo: Soto Freire editor, 1867.

Pero na súa obra non alude só a este rol, senón que denuncia «la pesada cruz del matrimonio» ou a escravitude das mulleres cando sente, «desde la cuna ya, el ruído de las cadenas que debían aprisionarme para siempre, porque el patrimonio de la mujer son los grillos de la esclavitud»³.

Rosalía sabe, non hai dúbida, cal é a situación da muller na sociedade e sente a persecución de que é obxecto, «pues una poetisa o escritora no puede vivir humanamente en paz sobre la tierra, puesto que además de las agitaciones de su espíritu, tiene las que levantan en torno de ella cuantos la rodean». Cantos a rodean, afirma.

Este acoso patentízase tamén na poesía. Son tantos os poemas nos que se revela, e nos que mesmo asoma un sentimento de vinganza, un impulso satánico, que faría moi extenso este comentario. Sirvan de exemplo algúns poemas: «Ladraban contra min que camiñaba», «Soia», «Extranxeira na súa patria», «A xusticia pola man»...

Por se fose pouco a denuncia social e os testemuños das afrontas contra as mulleres e contra ela mesma que encontramos na súa obra, temos tamén o coñecemento de certos feitos que fan indiscutible as dificultades sociais de Rosalía. Algúns datos compriría sinalar: durante a súa estadía en Lugo, foi perseguida polos círculos reaccionarios da cidade, segundo nos informa X. Alonso Montero⁴ e despois Catherine Davies⁵. O 30 de agosto, de 1864 *El Contemporáneo* de Becker informa de que os seminaristas da cidade romperan as fiestras do director do *Almanaque de Galicia* porque ía publicar unha peza costumista de Rosalía, «El Codio», que está perdida, pero que, ao parecer, incluía críticas que non eran aceptadas. Tamén nos informa C. Davies de que foi atacada polo propio Vicetto –destacado historiador e intelectual e suposto amigo– e que esta afronta lle debeu doer máis por iso, pola amizade que os unira. Parece que Vicetto entrara en rivalidade con Murguía e, como adoita suceder nestes casos, o medio de vingarse era ofender á muller. Esta mesma baixaza foi levada a cabo por moitos máis intelectuais que discordaron con Murguía, incluída Emilia Pardo Bazán. «Subordinada social, legal e economicamente ao seu home, do mesmo xeito que a maioría das mulleres do século XIX, Rosalía viuse involucrada nas polémicas de Murguía, de modo que os inimigos del pasaron a selo tamén dela. Por outra banda, o dobre papel de nai e escritora resultaba difícil de manter, e, inevitablemente, o último foi postergado. Despois de 1874, Rosalía, acosada por problemas personais, decatouse de que todo o ambiente ideolóxico no que estaba inmersa e que ela aceptara de boa fe, se derrubara».

Seguindo as informacións de X. Alonso Montero⁶, no ano 1881 Rosalía comeza a publicar unha serie de artigos en «Los Lunes» de *El Imparcial*, baixo o epígrafe de «Costumbres Gallegas», nos que se gababa a hospitalidade das xentes do país. O derradeiro, publicado o 4 de abril de 1881, Rosalía comenta un costume hospitalario na costa galega que consiste en agasallar ao visitante, que tal vez levase moito tempo no mar, cedéndolle á muller ou á filla da casa para compartir o leito. Mesmo se a precaución da autora foi extrema no tratamento do tema, este desatou críticas agres.

3. Rosalía de Castro, «Lieders», *El Album del Miño*, Vigo 1858.

4. Xesús Alonso Montero, *Rosalía de Castro*, Madrid: Ediciones Júcar, 1972.

5. Catherine Davies, *Rosalía de Castro no seu tempo*, Vigo: Galaxia, 1987.

6. Xesús Alonso Montero, *ob. cit.*

Este episodio foi a gota que colmou o vaso de agua. Rosalía estaba fondamente ferida. Cinco meses despois escribíalle a Murguía, que a estaba presionando para que fixese máis poesía en galego:

(...) ni por tres, ni por seis ni por nueve mil reales volveré a escribir nada en nuestro dialecto ni acaso a ocuparme de nada que a nuestro país concierna. Con lo cual no perderá nada, pero yo perderé mucho menos todavía. Se atreven a decir que es fuerza que me rehabilite ante Galicia. ¿Rehabilitarme de que? ¿De haber hecho todo lo que en mi cupo por su engrandecimiento? El país sí que es el que tiene que rehabilitarse para con los escritores, a quienes aún cuando no sea más que por la buena fe y entusiasmo con que en él han trabajado, les deben una estimación y respeto que no saben darles, y que guardan para lo que no quiero ahora mentar.

Murguía debía informar ao editor de:

mi resolución de no volver a coger la pluma para nada que pertenezca a este país, ni menos escribir en gallego...No quiero volver a escandalizar a mis paisanos.

E así o fixo. Ben é certo que, despois de tomar esta decisión, só tardaría catro anos en morrer. Talvez, de non ver a súa vida prematuramente truncada pola fatal enfermidade, e ter máis anos de vida, é posible que chegara a faltar á súa palabra e volvera escribir en galego. Sobre todo se temos en conta que «lo que siento y es más grato a mi corazón, el enaltecimiento de nuestra amada Galicia» eran os sentimentos confesados pola autora. E non son necesarias as súas palabras. Chéganos a súa obra para sabelo. Por iso comprendemos tan fondamente o desenraizamento que tivo que sentir e o acoso ao que debeu de ser sometida para deixar de escribir o que máis sentía e amaba. Tamén comprendemos o sentimento de rabia e de vinganza que agroma en parte da súa obra.

Rosalía, pois, tanto pola súa obra transgresora, coma pola súa actitude vital e o seu forte carácter, (e incluso mal xenio, que ela mesma confesa en cartas ao marido), está moi lonxe de se acomodar a algunha das facetas que se intentaron difundir sobre ela. Sabemos, e foi certeiraamente denunciado, como logo se verá, que con Rosalía, paralelamente á mitificación, realizouse unha mistificación.

Unha das caras que preferiron difundir foi a de sufridora, nai e esposa abnegada que padece polas súas desgracias e polas alleas. A muller redímese aos ollos dos homes –seguindo o exemplo relixioso e o mito da virxe-nai do cristianismo– polo sufrimento. Era, daquela, a imaxe de *mater dolorosa* a que compría dar de Rosalía. Pero foron moitas máis, como a de folclórica, chorona, morriñenta...

Creo que, ata os nosos tempos, (corríxanme as/os investigadoras e especialistas en Rosalía) foi Curros Enríquez o que mostra unha imaxe de Rosalía máis verdadeira e máis acorde coa realidade social da súa época. Curros, ademais de amigo de Rosalía, tamén padeceu a persecución social e a dor do afastamento. Fala con coñecemento de causa.

Lembremos o poema A Rosalía⁷

Do mar pola orela
mireina pasar:
na frente unha estrela,
no bico un cantar.
E vina tan sola
na noite sen fin,
que aínda recei pola probe da tola
eu que non teño quen rece por min!

A musa dos pobos
que vin pasar eu,
comesta dos lobos,
comesta morreu.
Os ósos son dela
que vades gardar.
¡Ai, do que leva na frente unha estrela!
¡Ai, do que leva no bico un cantar!

O autor fai patente a soidade que padecía Rosalía —¡tan soa na noite sen fin!— así como a consideración social de excéntrica. «Probe da tola», di Curros, incluíndo con ese «pobre» agarimoso, a compaixón e a solidariedade coa escritora, que é sinalada polo dedo reaccionario da incomprensión. Pero di máis aínda, porque é perseguida e comida polos lobos. Os inimigos de Rosalía, son brutais e agresivos, son lobos. E non se limitan a ouvear; vanlle provocar a morte. Curros parece atribuír a morte de Rosalía a estes lobos sociais.

A razón deste acoso, deste ataque, radica en que «leva na frente unha estrela e no bico un cantar», ou sexa, porque é unha gufa, unha pioneira, unha luz que marca o destino e, ademais, cántao, difúndeo coa harmonía de poeta. ¡Ai de quen leva na frente unha estrela, aí de quen...! Sobrecolle a ameaza que expresa neses últimos versos como un destino implacable. Xa se sabe o que lle espera a quen se arrisca a cantar dese xeito. Rosalía, como Antígona, avanza nunha inmensa soidade ética.

Tamén Juan Ramón Jiménez parece comprender a situación de Rosalía cando di:

¡Desconsolación de hermosa alma ACORRALADA, AISLADA, ENTERRADA vida. La rodean rebaños humanos que son como rebaños no humanos...Pobreza y soledad⁸.

Pero isto foi moito despois, no século XX, cando se comezou a valorar debidamente a Rosalía e a denunciar políticas interesadas da súa obra e a manipulación da que foi obxecto. «Manipulados, case todos... Cando se trata de voces, que ademais de espello dun tempo, foron, co seu canto, protesta da ferida histórica, neste caso,

7. Manuel Curros Enríquez, *Aires da Miña Terra*, Ourense: Imprenta de Antonio Otero, 1880.

8. Juan Ramón Jiménez, *Españoles de tres mundos*, Madrid, 1967, cit. por Catherine Davies, *ob. cit.*

todos». Así escribe Alonso Montero⁹ que denuncia no mesmo artigo a manipulación que Murguía fai de *En las orillas del Sar*, alterando a orde dos poemas e mesmo palabras para dar outra imaxe de Rosalía. «Hai razóns para crer que Murguía estaba empeñado en amosar unha imaxe relixiosa da súa muller que escurecese ou esvaíse outras certamente desacougantes», afirma o comentarista.

Xa en tempos máis recentes, e, sobre todo, a través da luz do feminismo, percíbense outras dimensións de Rosalía e estas veñen, preferentemente, da man das mulleres que sacan a relucir os seus textos máis críticos así como a denuncia da mistificación á que foi sometida. Fago mención dalgúns destes comentarios.

Rosalía non se adapta ao corsé da función feminina imposta. Rómpeo, denúnciao... Por iso estaba soa; por iso a chamaban «tola»; por iso a silenciaron primeiro e a embalsamaron despois; que fose convertida moi axiña en obxecto de veneración redución -folklorización (proceso que as mulleres galegas seguimos a vivir hoxe); que tivo que ser admitida mais pagando o precio da incompreensión e da terxiversación (tamén como as mulleres que hoxe seguen a rebelarse contra a función criada para elas na sociedade burguesa-capitalista)... para privarnos da verdade da súa análise e do exemplo da súa conduta¹⁰.

Ou ben:

Asimiláronse a ela os tópicos seculares atribuídos á muller galega: dondura, dozura, lingua harmoniosa e agarimosa

para en troques

prescindir dos rasgos que desentonaban do conxunto, ¿odio en Rosalía?, ¿resentimento?, ¿violencia?, ¿rudeza? ¡Imposíbel! Só quedaba xa esquecer aquela parte da súa obra que daba testemuña clara da súa maneira de enfrentarse á realidade¹¹.

Algunhas das súas obras en prosa plantexan unha serie de críticas sociais, non só en liñas xerais, senón de maneira moi concreta para con estamentos como o do ensino e as leis...» «Está Rosalía inquieta, preocupada polo inxusto mundo que a rodea, pero non só a ela, senón tamén aos demais, especialmente ás mulleres, ... Mais non se vai dedicar simplemente a exaltar as virtudes da sofrida muller galega, senón que nos vai amosar varios tipos de mulleres, mesmo desde a óptica masculina, e como as actitudes da sociedade inciden negativamente no mundo da muller. Un exemplo disto témolo no *Conto gallego*.

9. Xesús Alonso Montero. «Rosalía Manipulada», *A Nosa Terra. Rosalía Viva. A Nosa cultura 1*, 1984, p. 63.

10. Pilar García Negro, «Rosalía: unha lección para hoxe», *Festa da Palabra Silenciada*, nº 2, marzo 1985, pp. 11-12.

11. Marina Mayoral, *A poesía de Rosalía de Castro*, recollido e traducido por Carmen Blanco, «Textos críticos sobre Rosalía», *Festa da Palabra Silenciada*, nº 2, marzo 1985, p. 10.

Superficialmente podería semellar unha crítica para a muller... Mais non é esta a intención da autora. Vai colocar a muller e a súa circunstancia vital, dentro dunha sociedade marcada por leis e condicionamentos de homes...¹².

Esa lectura superficial, que subliña a autora, fora feita por Manuel de Castro y López cando afirma «quedando además en él hondamente quebrantada la moral de la mujer».

Son este tipo de lecturas patriarcais, baixo o prisma da dobre moral, as que abundaron sobre Rosalía.

Xusto é recoñecer que, ás veces, a propia Rosalía facilita o equívoco porque as súas posicións son confusas. Fronte as declaracións que pode perfectamente subscribir unha feminista actual, encontramos a aceptación do papel da muller tradicional e mesmo acusacións tópicas ás mulleres como «a vaidade, ese pecado de muller» ou subterfuxios dos considerados tipicamente femininos.

Estas contradicións foran subliñadas tamén por Carmen Blanco¹³, que as atribúe a «unha actitude crítica de base, matizada por circunstancias externas, ás veces interiorizadas». E para ilustrar estas contradicións das escritoras desa época, cita a Virginia Woolf: «Toda a estrutura das novelas de principios do S. XIX escritas por mulleres tracexouna unha mente algo apartada da liña recta, unha mente que tivo que alterar a súa clara visión en deferencia a unha autoridade externa. Basta follear aquelas vellas novelas esquecidas e escoitar o tono de voz en que están escritas para adiviñar que a autora era obxecto de críticas; dicía tal cousa con fins agresivos, tal outra con fins conciliadores. Admitía que «só unha muller» ou protestaba que «valía tanto como un home». Palabras estas da autora inglesa que parecen aplicadas a Rosalía.

Esta confusión na obra rosaliana non pode producir ningunha estrañeza. Mesmo as feministas de hoxe nos seus escritos –¡non digamos na súa vida!– están, estamos, suxeitas a contradicións. E non pode ser menos. O feminismo non é unha esencia, nin un estado de gracia. É un camiño de coñecemento, unha vía crítica na que imos desmitificando o sistema ao mesmo tempo que nos liberamos das nosas propias teas de araña patriarcais. A nosa rebelión supón un salto no baleiro. E non todas saltamos co mesmo ímpeto, coa mesma convicción ou a mesma coraxe. Lóxico é, e mesmo desexable, porque hai que vivir e non temos máis que esta oportunidade, que as mulleres compaxinen os criterios e as ansias liberadoras coa propia vida, circunstancias e facilidades. E isto sen ter en conta o propio carácter e temperamento.

Se isto é así hoxe, ¿como non o ía ser no século pasado? Máis aínda cando Rosalía non tiña o apoio dun pensamento feminista elaborado, como temos hoxe, que lle axudara a aclarar moitas dúbidas. Rosalía era unha pioneira que se fundaba na propia experiencia –reforzada coas das mulleres que observaba ao seu redor– e as reflexións que estas lle provocaban. Faltáballe a confrontración con centos de

12. Mª do Carmen Carro Roque, «Rosalía e a súa obra *Conto Gallego*», *Grial* nº 85, 1984, pp. 345-354.

13. Carmen Blanco, «Por unha interpretación feminista», *A Nosa Terra. Rosalía Viva. A nosa cultura 1*, 1984, pp. 19-21.

pensadoras que lle encenderan as luces e confirmaran as súas sabias intuicións. Non é, polo tanto, raro que en ocasións prevaleza a educación recibida e o ambiente que a rodeaba e, de modo inconsciente, acate o rol tradicional de muller.

Isto sen contar que a propia sociedade obríga a aceptalo. Cando no ano 1859, Compañel edita *La Hija del Mar*, concédénlle o permiso de publicación ao seu marido, tal e como esixía a lei, e no texto explicitábase: «Supongo que nada se hablará en ella de política y religión...» Toda crítica social quedaba prohibida. Ademais Murguía sería o responsable legal de toda transgresión. Rosalía estaba, daquela, obrigada a medir as súas palabras, a terxiversar e a velar os propios criterios. Mesmo así, a súa é unha obra de transgresión.

Unha muller que, por un lado, escribe: «Cuando los señores de la tierra (parece comprender a universalidade do sistema patriarcal) me amenazan con una mirada, o quieren manchar mi frente con una mancha de oprobio, yo me río como ellos se ríen y hago, en apariencia, mi iniquidad más grande que su iniquidad» está desafiando á sociedade patriarcal. Queda claro, nas propias palabras da autora que é *en apariencia*. E continúa dicindo «En el fondo, no obstante, mi corazón es bueno; pero *no acato* los mandatos de mis iguales...»¹⁴.

Vemos, pois, como certo acatamento da autora é oportunista. Rosalía engana deliberadamente. É unha experta en «manobras de distracción», segundo Gamallo Fierros. E disto non hai dúbida se coincidimos en que a ironía é unha das figuras fundamentais na súa obra. (Lembremos como mostra oportuna o poema de «San Antoniño dádeme un home...»). Mediante a ironía, a autora di que non cando parece afirmar que si. É unha ironía rebelde que a resarce da humillación do acatamento, da aceptación. Con ela sálvase. Pero nesa mesma ironía encóntrase unha lectora implícita, unha cómplice que vai descubrir a verdade encuberta.

Talvez tiveron que pasar moitos anos para que, á luz desmitificadora dos estudos feministas, apareceran moitas lectoras cómplices que descubriaran os disimulos rosalianos. Máis aínda cando a propia autora dá as claves ao afirmar que «la mujer, así en Oriente como en Occidente, así en la civilizada Europa como en los países salvajes, sólo podrá vencer sabiendo resistir».

Non hai, opina Elvira Souto¹⁵, un enfrontamento social directo na escritora. «Resistir é portanto a palabra de ordem. Dizer sim quando se pensa nom. Adular o tirano. Nunca atacar de frente. Nunca na luz do día». Por iso «Castro reivindica o escuro, escolhe as armas e as tácticas da guerrilha» e ten unha «predisposición a reivindicar essa poética justiça da vingança nocturna».

Rosalía esconde o seu pensamento, segundo esta crítica, actuando como outras mulleres decimonónicas que tamén analiza no estudio, e que utilizaron estratexias, «simularom aceptar os constringimentos de un mercado editorial reticente ás audacias das fêmeas e que «abafaron», con o ruído de unha modestia ás veces edulcoradamente submissa, a onda acústica do seu íntimo sentir». A aguda análise

14. Rosalía de Castro, «Lieders», cit..

15. Elvira Souto, *Vínculo de sangre*, A Coruña: Edicións Laiovento, 1993.

que comentamos, parece querernos dicir que as heroínas rosalianas –paralelamente ás doutras autoras de latitudes diversas e distantes– ao non poder reivindicar os dereitos á luz do día, vínganse, traizoan e mesmo matan, amparadas nas tebras nocturnas. Une así a escrita rosaliana á «escrita dessas inumeráveis autoras que, dando unha de cal e outra de areia, alternando o branco doméstico con os tintes do máis sombrío escuro...» cometen actos criminosos. Rosalía, xa sabemos, chega a tomar a xustiza pola man.

Completamente lúcida neste sentido é a análise que Kathleen March fai de «Lieders»¹⁶. A autora, que considera a obra totalmente feminista e transgresora directa do sistema social, encontra no texto:

O estado de insatisfacción coas condicións que atopa arredor seu... Esta condición de estar a cabalo entre as estruturas hexemónicas e un pulo cara a libre expresión resulta desconcertante. Así, en derradeira instancia, as declaracións iniciais encobren unha triste realidade de illamento, nun texto sumerxido pero perceptíbel.

A autora americana, experta na crítica feminista –que xa ten anos e escola no seu país–, estudiosa intelixente da nosa literatura e profundamente sensible á identidade cultural galega, cala na intertextualidade da obra rosaliana. Referíndose ao texto citado afirma que:

Nel se establecen unha tendencia na que o tono sentimental, a intimidade e maila soedade e sofrimento da falante, serven para comunicaren unha mensaxe moi distinta ao discurso no seu nivel denotativo. Curiosa inversión esta de dicir exactamente o que se quere expresar, empregando unha retórica tan cangada de outras interpretacións que o público non se ofenda do seu contido.

A comentarista cre ver neste texto rosaliano ecos dos discursos fueristas do socialismo utópico e o «xurdimento temperán dunha voz de desafío feminino» que «a penas ten precursoras dentro da mesma península ibérica, porque... os promotores da polémica adoitaban ser homes». Considera a obra de Castro un proceso de «subversión do discurso de autoridade» contra a «vontade dos «señores de la tierra», que «son homes, son os líderes da estrutura económica; por conseguinte, a referencia a «mis iguales» revela unha ironía subxacente porque a falante (Rosalía) afirma: «pero no acato los mandatos de mis iguales y creo que su hechura es igual a mi hechura y que su carne es igual a mi carne». Se estes «iguales» fosen exactamente iso –iguais e non superiores– non habería necesidade de desobedecer as súas ordes, porque ditas ordes non existirían. Tamén a alusión á carne é unha clara afirmación de que o corpo feminino non é inferior ao do home. A crítica ve «unha intertextualidade intencional cos antigos debates encol da natureza da muller» e o afán da autora de demostrar «que as mulleres posúen a mesma capacidade intelectual que os homes». Afirma que «Lieders» ten como tema único «a opresión

16. Kathleen March, «Lieders: ¿Primeiro Manifesto Feminista na Galiza?», en *Homenaxe a Ramón Martínez López*. Sada-A Coruña: Publicacións do Seminario de Estudos Galegos/ Edicións do Castro.

da muller», «feita desde unha perspectiva feminista dabondo radical», aínda que «a estrutura textual ambigua posibilita unha variedade de respostas dos lectores». O estudio da profesora March remata sinalando «o cerco de silencio tendido arredor dun escrito feminino» e afirmando que «Lieders» se pode considerar «un verdadeiro manifesto feminista, se cadra o primeiro do país».

Sería xusto, e mesmo didáctico, que os estudos e comentarios sobre Rosalía, tan laudatorios, fosen acompañados dalgúns dos comentarios expostos sobre a súa obra e das reflexións sobre as penalidades, o desenraizamento e a soidade que tivo que padecer, ela e todos cantos levan na fronte unha estrela e no bico un cantar. Para ir desterrando das novas xeracións a iniquidade de valorar de mortas/os a quen deostaron en vida.

Sirvan estas páxinas de desagravio a todas e todos aqueles que foron incomprendidos no seu tempo, polas súas ideas, pola súa arte ou literatura, polas súas accións; aos que padeceron fame, illamento e persecución por teren xenio, por dicir a verdade, por afirmar que a terra se movía e o mundo avanzaba, por adoptar como meta o progreso. E máis aínda se foron mulleres. Cando a que leva na fronte unha estrela é unha muller, as tempestades desátanse en tódolos ceos do poder para apagar esa luz.

María Xosé Queizán
Vigo